

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN, INDUSTRIA E COMERCIO

Orde do 13 de xaneiro de 2004 que modifica a Orde do 27 de decembro de 2000, pola que se establece o procedemento unificado para a obtención de carnés profesionais e esixencias a empresas autorizadas para instalación, mantemento e outras actividades en materia de seguridade industrial.

A Orde do 27 de decembro de 2000, da Consellería de Innovación, Industria e Comercio, establece o procedemento unificado para a obtención de carnés profesionais e esixencias a empresas autorizadas para instalación, mantemento e outras actividades en materia de seguridade industrial.

Desde a súa publicación, e como consecuencia da aprobación e entrada en vigor de novos regulamentos de seguridade industrial, modificáronse as condicións sobre determinados carnés profesionais e empresas autorizadas nesa materia.

Así, o Regulamento electrotécnico para baixa tensión, aprobado polo Real decreto 842/2002, do 2 de agosto, establece novos requisitos para os profesionais acreditados para realizar, manter e reparar estas instalacións, para as empresas instaladoras e para as entidades de formación de profesionais de electricidade.

Por outra parte, mediante os reais decretos 836/2003 e 837/2003 sobre guindastres torre para obras e sobre guindastres móbiles autopropulsados, establécense os carnés de operador de guindastres torre e de guindastre móbil autopropulsado e os requisitos para a formación destes profesionais así como para a autorización das correspondentes entidades de formación.

Faise necesario por todo iso, modifica-la mencionada orde nos ámbitos previamente sinalados.

Polo exposto, en uso das competencias que a Consellería de Innovación, Industria e Comercio ten atribuídas nesta materia,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto e ámbito de aplicación.

O obxecto da presente orde é a modificación da Orde do 27 de decembro de 2000 desta consellería, pola que se establece o procedemento unificado para a obtención de carnés profesionais e esixencias a empresas autorizadas para instalación, mantemento e outras actividades en materia de seguridade industrial, adaptándoa ás esixencias dos novos regulamentos que foron entrando en vigor desde a súa publicación.

Artigo 2º.-Modificación do artigo 4º.

Modifícase o parágrafo primeiro do artigo 4º da Orde do 27 de decembro de 2000, que queda redactado como segue:

Con carácter xeral, agás que o correspondente regulamento especifique outra cousa, para a obtención dun carné profesional esixírase encontrarse en idade legal laboral, estar en posesión ou en condición de obter un dos títulos ou certificados que se indican no anexo I, e/ou coñecementos teóricos e prácticos sobre a especialidade solicitada e superar un exame sobre a regulamentación que corresponda.

Artigo 3º.-Modificación do anexo I.

Modifícase o anexo I da Orde do 27 de decembro de 2000, no epígrafe de instalador electricista de baixa tensión e engádense dous novos carnés que son o de operador de guindastre ou operador de guindastre torre e o de operador de guindastre móbil autopropulsado, que queda redactado como segue:

-Certificado de cualificación individual en baixa tensión.

* Certificado de cualificación individual categoría básica.

* Certificado de cualificación individual categoría especialista.

Exame teórico e práctico ou soamente teórico en función do caso en que se atope dos especificados na letra c do punto 4.2 da ITC-BT-03 do Regulamento electrotécnico para baixa tensión.

A experiencia laboral a que se refire a letra b do punto 4.2 da ITC-BT-03 do Regulamento electrotécnico para baixa tensión, quedará acreditada pola permanencia activa mínima por un total dun ano, dentro dos últimos cinco, en empresas eléctricas executando instalacións. Acreditarase mediante a presentación da documentación que ratifique esta circunstancia de maneira que faga fe.

Regulado por:

Regulamento electrotécnico de baixa tensión e as súas ITCs, aprobado polo Real decreto 842/2002, do 2 de agosto.

-Operador de guindastre ou operador de guindastre torre.

Os requisitos para a obtención deste carné son os que se establecen no número 3 do anexo VI do Real decreto 836/2003, do 27 de xuño, polo que se aproba a ITC MIE-AEM-2 do Regulamento de aparatos de elevación e manutención, referente a guindastre torre para obras ou outras aplicacións.

Regulado por:

Real decreto 836/2003, do 27 de xuño, polo que se aproba a ITC MIE-AEM-2 do Regulamento de

aparatos de elevación e manutención, referente a guindastres torre para obras ou outras aplicacións.

-Operador de guindastre móbil autopropulsado.

* Categoría A.

* Categoría B.

Os requisitos para a obtención deste carné son os que se establecen no número 3 do anexo VII do Real decreto 837/2003, do 27 de xuño, polo que se aproba o novo texto modificado e refundido da ITC MIE-AEM-4 do Regulamento de aparatos de elevación e manutención, referente a guindastres móbiles autopropulsados.

Regulado por:

Real decreto 837/2003, do 27 de xuño, polo que se aproba o novo texto modificado e refundido da ITC MIE-AEM-4 do Regulamento de aparatos de elevación e manutención, referente a guindastres móbiles autopropulsados.

Artigo 4º.-Modificación do anexo II.

Modifícase o anexo II da Orde do 27 de decembro de 2000 no epígrafe de empresa instaladora de electricidade en baixa tensión e engádense dous novos epígrafes relativos a empresas instaladoras de guindastres torre, empresas conservadoras de guindastres torre e empresas conservadoras de guindastres móbiles autopropulsados, que queda redactado como segue:

-Instalador autorizado en baixa tensión:

A execución de instalacións eléctricas será realizada por instaladores autorizados en baixa tensión, que poderán ser de categoría básica ou especialista.

A autorización do instalador autorizado en baixa tensión terá a validez e deberá ser renovado conforme o establecido no número 5.2 da ITC-BT-03 do regulamento correspondente.

Para a obtención do certificado de instalador autorizado en baixa tensión, o solicitante deberá encontrarse inscrito no Rexistro de Establecementos Industriais de Galicia, acreditando o cumprimento dos requisitos establecidos no número 5.1 da ITC-BT-03 e presentar ante a correspondente delegación provincial da consellería competente en materia de industria a seguinte documentación:

-Solicitud normalizada segundo o modelo que se recolle no anexo I á presente orde.

-Tarxeta de identificación fiscal da empresa.

-Documento nacional de identidade do titular ou representante da empresa.

-Póliza de seguro de responsabilidade civil e último xustificante de pagamento.

-Xustificante de estar incluído no censo de obrigas tributarias ou de se-lo caso, no do imposto de actividades económicas (IAE) no epígrafe correspondente.

-Xustificante de alta da empresa na Seguridade Social ou no réxime especial de autónomos de se-lo caso.

-Carnés profesionais das persoas dotadas de certificado de cualificación individual que declara.

-Xustificante de pagamento de taxas.

Para a renovación da autorización deberá presentarse a seguinte documentación:

-Solicitud normalizada segundo o modelo que se recolle no anexo I á presente orde.

-Documento nacional de identidade do titular ou representante da empresa.

-Póliza de seguro de responsabilidade civil e último xustificante de pagamento.

-Xustificante de estar incluído no censo de obrigas tributarias ou, de se-lo caso, no do imposto de actividades económicas (IAE) no epígrafe correspondente.

-Último TC2 da Seguridade Social ou xustificante de cotización ó réxime especial de autónomos, de se-lo caso.

-Carnés profesionais das persoas dotadas de certificado de cualificación individual que declara.

-Xustificante de pagamento de taxas.

-Empresa instaladora de guindastres torre:

A montaxe dos guindastres torre para obras ou outras aplicacións realizana empresas instaladoras autorizadas ou polo propio fabricante do guindastre, conforme o establecido no punto 5.3 da ITC MIE-AEM-2 do Regulamento de aparatos de elevación e manutención referente a guindastres torre para obras ou outras aplicacións aprobado polo Real decreto 836/2003, en diante ITC MIE-AEM-2.

A autorización de empresa instaladora de guindastres torre terá o período de validez establecido no Real decreto 2291/1985, do 8 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de aparatos de elevación e manutención destes, e deberá ser renovada antes de que finalice este.

Para a obtención ou renovación do certificado de empresa instaladora autorizada de guindastres torre deberá inscribirse no Rexistro de Establecementos Industriais de Galicia cumprindo o establecido no artigo 6 da ITC MIE-AEM-2 e presentar ante a correspondente delegación provincial da consellería competente en materia de industria a seguinte documentación:

-Solicitud normalizada segundo o modelo que se recolle no anexo II desta orde.

-Tarxeta de identificación fiscal da empresa.

-Documento nacional de identidade do titular ou representante da empresa.

-Xustificante de pagamento de taxas.

-Xustificante de ter cuberta a súa responsabilidade civil conforme o establecido no devandito artigo 6 da ITC MIE-AEM-2.

-Empresa conservadora de guindastres torre:

A empresa conservadora de guindastres torre a que se refire o artigo 8 da ITC MIE-AEM-2 será autorizada polo delegado provincial da consellería competente en materia de industria mediante a emisión do documento de cualificación empresarial de empresa conservadora autorizada de guindastres torre.

Esta autorización terá o período de validez establecido no Real decreto 2291/1985, do 8 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de aparatos de elevación e manutención destes, e deberá ser renovada antes de que finalice este prazo.

Para a obtención ou renovación do certificado de empresa conservadora autorizada de guindastres torre, esta deberá inscribirse no Rexistro de Establecementos Industriais de Galicia cumprindo o establecido no artigo 9 da ITC MIE-AEM-2 e presentar ante a correspondente delegación provincial da consellería competente en materia de industria a seguinte documentación:

-Solicitud normalizada segundo o modelo que se recolle no anexo III da presente orde.

-Tarxeta de identificación fiscal da empresa.

-Documento nacional de identidade do titular ou representante da empresa.

-Xustificante de pagamento de taxas.

-Xustificante de ter cuberta a súa responsabilidade civil conforme o establecido no mencionado artigo 9 da ITC MIE-AEM-2.

-Empresa conservadora de guindastres móbiles autopropulsadas:

A empresa conservadora de guindastres móbiles a que se refire a ITC-MIE AEM-4 do Regulamento de aparatos de elevación e manutención, relativo a guindastres móbiles autopropulsados aprobada polo Real decreto 837/2003, do 27 de xuño, xustificará o cumprimento das condicións establecidas no número 5 da mencionada ITC mediante o documento de cualificación empresarial de empresa conservadora de guindastres móbiles autopropulsados, que deberá ser emitido pola delegación provincial da consellería competente en materia de industria.

Ese documento terá o período de validez establecido no Real decreto 2291/1985, do 8 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de aparatos de elevación e manutención destes, e deberá ser renovado antes de que finalice este prazo.

Para a obtención ou renovación do certificado de empresa conservadora de guindastres móbiles autopropulsados, deberá inscribirse no Rexistro de Establecementos Industriais de Galicia cumprindo o establecido no número 5 da ITC MIE-AEM-4 e presentar ante a correspondente delegación provincial da consellería competente en materia de industria a seguinte documentación:

-Solicitud normalizada segundo o modelo que se recolle no anexo IV.

-Tarxeta de identificación fiscal da empresa.

-Documento nacional de identidade do titular ou representante da empresa.

-Xustificante de pagamento de taxas.

-Xustificante de ter cuberta a súa responsabilidade civil conforme o establecido no mencionado apartado 5 da ITC MIE-AEM-4.

Disposición adicional

Entidades de formación recoñecidas.

Ademais das entidades recoñecidas para a formación de profesionais que se establecen no artigo 13º da Orde do 27 de decembro de 2000, terán esta consideración aquelas autorizadas pola dirección xeral competente en materia de industria para impartir cursos de baixa tensión, operador de guindastres torre e operador de guindastre móbil autopropulsado, de conformidade cos requisitos establecidos para elas.

As solicitudes normalizadas para autorizar estas entidades recóllense respectivamente, nos anexos V, VI e VII da presente orde.

Disposición derogatoria

Quedan derogadas todas aquelas disposicións de igual ou inferior rango no que se opoñan ó previsto na presente orde.

Disposicións derradeiras

Primeira.-A presente orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Segunda.-Autorízase ó director xeral de Industria, Enerxía e Minas, para dictar cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación e o desenvolvemento do disposto nesta orde.

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2004.

Juan Rodríguez Yuste

Conselleiro de Innovación, Industria e Comercio

ANEXO I



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN,
INDUSTRIA E COMERCIO

PROCEDEMENTO AUTORIZACIÓN/RENOVACIÓN DE INSTALADOR AUTORIZADO EN BAIXA TENSIÓN	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO IN609A	DOCUMENTO CUALIFICACIÓN EMPRESARIAL
--	---	---

A empresa da que os datos figuran a continuación
SOLICITA o outorgamento do documento de cualificación empresarial como instalador autorizado en baixa tensión.

EMPRESA		Nº DE IDENTIFICACIÓN FISCAL	
CON DOMICILIO EN			
CONCELLO		TELÉFONO	
REPRESENTADA POR		DNI	
ACTIVIDADES QUE AMPARA		EPÍGRAFES DA LICENCIA FISCAL	
Nº PATRONAL DA SEGURIDADE SOCIAL	Nº NO REGISTRO DE EMPRESAS AUTORIZADAS	Nº NO REGISTRO INDUSTRIAL	CLASIFICACIÓN DA EMPRESA PARA EFECTOS DA CUALIFICACIÓN

CATEGORÍA DA EMPRESA INSTALADORA AUTORIZADA EN BAIXA TENSIÓN

<input type="checkbox"/> BÁSICA	<input type="checkbox"/> ESPECIALISTA EN <input type="checkbox"/> SISTEMAS DE AUTOMATIZACIÓN, XESTIÓN TÉCNICA DA ENERXÍA E SEGURIDADE PARA VIVENDAS E EDIFICIOS. <input type="checkbox"/> SISTEMAS DE CONTROL DISTRIBUÍDO. <input type="checkbox"/> SISTEMAS DE SUPERVISIÓN, CONTROL E ADQUISICIÓN DE DATOS. <input type="checkbox"/> CONTROL DE PROCESOS. <input type="checkbox"/> LIÑAS AÉREAS OU SUBTERRÁNEAS PARA A DISTRIBUCIÓN DE ENERXÍA.	<input type="checkbox"/> LOCAIS CON RISCO DE INCENDIO OU EXPLOSIÓN. <input type="checkbox"/> QUIRÓFANOS E SALAS DE INTERVENCIÓN. <input type="checkbox"/> LÁMPADAS DE DESCARGA EN ALTA TENSIÓN, RÓTULOS LUMINOSOS E SIMILARES. <input type="checkbox"/> INSTALACIÓNS XERADORAS DE BAIXA TENSIÓN.
--	--	---

<input type="checkbox"/> AUTORIZACIÓN <input type="checkbox"/> TARXETA DE IDENTIFICACIÓN FISCAL DA EMPRESA. <input type="checkbox"/> DNI DO TITULAR OU REPRESENTANTE DA EMPRESA. <input type="checkbox"/> PÓLIZA DE SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL E ÚLTIMO XUSTIFICANTE DE PAGAMENTO. <input type="checkbox"/> XUSTIFICANTE DE ESTAR INCLUÍDO NO CENSO DE OBRIGADOS TRIBUTARIOS OU SE É O CASO, NO DO IMPOSTO DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS (IAE) NO EPÍGRAFE CORRESPONDENTE. <input type="checkbox"/> XUSTIFICANTE DE ALTA DA EMPRESA NA SEGURIDADE SOCIAL OU NO RÉXIME ESPECIAL DE AUTÓNOMOS, SE É O CASO. <input type="checkbox"/> CARNÉS PROFESIONAIS DAS PERSOAS QUE DECLARA DOTADAS DE CERTIFICADO DE CUALIFICACIÓN INDIVIDUAL. <input type="checkbox"/> XUSTIFICANTE DE PAGAMENTO DE TAXAS. PARA EMPRESAS PROCEDENTES DOUTRAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS <input type="checkbox"/> DOCUMENTO DE CUALIFICACIÓN EMPRESARIAL NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE ORIXE. <input type="checkbox"/> CERTIFICADO DE QUE A EMPRESA OU AS PERSOAS QUE DECLARA DOTADAS DE C.C.I. NON SE ENCONTRAN SANCIONADAS. <input type="checkbox"/> XUSTIFICANTE DE PAGAMENTO DE TAXAS.	<input type="checkbox"/> RENOVACIÓN DO CERTIFICADO <input type="checkbox"/> DNI DO TITULAR OU REPRESENTANTE DA EMPRESA. <input type="checkbox"/> PÓLIZA DE SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL E ÚLTIMO XUSTIFICANTE DE PAGAMENTO. <input type="checkbox"/> XUSTIFICANTE DE ESTAR INCLUÍDO NO CENSO DE OBRIGADOS TRIBUTARIOS OU SE É O CASO, NO IMPOSTO DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS (IAE) NO EPÍGRAFE CORRESPONDENTE. <input type="checkbox"/> ÚLTIMO TC2 DA SEGURIDADE SOCIAL OU XUSTIFICANTE DE COTIZACIÓN Ó RÉXIME ESPECIAL DE AUTÓNOMOS, SE É O CASO. <input type="checkbox"/> CARNÉS PROFESIONAIS DAS PERSOAS QUE DECLARAN DOTADAS DE CERTIFICADO DE CUALIFICACIÓN INDIVIDUAL. <input type="checkbox"/> XUSTIFICANTE DE PAGAMENTO DE TAXAS.
--	--

TODA A DOCUMENTACIÓN SE XUNTARÁ EN ORIXINAL E FOTOCOPIA OU FOTOCOPIA COMPULSADA

LEXISLACIÓN APLICABLE

Real decreto 842/2002, do 2 de agosto, polo que se aproba o Regulamento electrotécnico de baixa tensión e as súas instrucións técnicas complementarias.

Orde do 27 de decembro de 2000, pola que se establece o procedemento unificado para a obtención de carnés profesionais e esixencias a empresas autorizadas para instalación, mantemento e outras actividades en materia de seguridade industrial.

Orde do 25 de marzo de 2002 pola que se modifica a Orde do 27 de decembro de 2000, pola que se establece o procedemento unificado para a obtención de carnés profesionais e esixencias a empresas autorizadas para instalación, mantemento e outras actividades en materia de seguridade industrial.

Orde do 13 de xaneiro de 2004 pola que se modifica a Orde do 27 de decembro de 2000, pola que se establece o procedemento unificado para a obtención de carnés profesionais e esixencias a empresas autorizadas para instalación, mantemento e outras actividades en materia de seguridade industrial.

SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA

, de de 200

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA
		/ /
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS
		/ /
		DATA DE SAÍDA
		/ /

Delegado/a provincial da Consellería de Innovación, Industria e Comercio

ANEXO I



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN,
INDUSTRIA E COMERCIO

oTu

PROCEDEMENTO AUTORIZACIÓN/RENOVACIÓN DE INSTALADOR AUTORIZADO EN BAIXA TENSIÓN	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO IN609A	DOCUMENTO CUALIFICACIÓN EMPRESARIAL
--	---	---

A empresa da que os datos figuran a continuación

SOLICITA o outorgamento do documento de cualificación empresarial como instalador autorizado en baixa tensión.

EMPRESA		Nº DE IDENTIFICACIÓN FISCAL	
CON DOMICILIO EN			
CONCELLO		TELÉFONO	
REPRESENTADA POR		DNI	
ACTIVIDADES QUE AMPARA		EPÍGRAFE/S DA LICENCIA FISCAL	
Nº PATRONAL DA SEGURIDADE SOCIAL	Nº NO REGISTRO DE EMPRESAS AUTORIZADAS	Nº NO REGISTRO INDUSTRIAL	CLASIFICACIÓN DA EMPRESA PARA EFECTOS DA CUALIFICACIÓN

CATEGORÍA DA EMPRESA INSTALADORA AUTORIZADA EN BAIXA TENSIÓN

<input type="checkbox"/> BÁSICA	<input type="checkbox"/> ESPECIALISTA EN	<input type="checkbox"/> LOCAIS CON RISCO DE INCENDIO OU EXPLOSIÓN.
	<input type="checkbox"/> SISTEMAS DE AUTOMATIZACIÓN, XESTIÓN TÉCNICA DA ENERXÍA E SEGURIDADE PARA VIVENDAS E EDIFICIOS.	<input type="checkbox"/> QUIRÓFANOS E SALAS DE INTERVENCIÓN.
	<input type="checkbox"/> SISTEMAS DE CONTROL DISTRIBUÍDO.	<input type="checkbox"/> LÁMPADAS DE DESCARGA EN ALTA TENSIÓN, RÓTULOS LUMINOSOS E SIMILARES.
	<input type="checkbox"/> SISTEMAS DE SUPERVISIÓN, CONTROL E ADQUISICIÓN DE DATOS.	<input type="checkbox"/> INSTALACIÓNS XERADORAS DE BAIXA TENSIÓN.
	<input type="checkbox"/> CONTROL DE PROCESOS.	
	<input type="checkbox"/> LIÑAS AÉREAS OU SUBTERRÁNEAS PARA A DISTRIBUCIÓN DE ENERXÍA.	

<input type="checkbox"/> AUTORIZACIÓN	<input type="checkbox"/> RENOVACIÓN DO CERTIFICADO
<input type="checkbox"/> TARXETA DE IDENTIFICACIÓN FISCAL DA EMPRESA.	<input type="checkbox"/> DNI DO TITULAR OU REPRESENTANTE DA EMPRESA.
<input type="checkbox"/> DNI DO TITULAR OU REPRESENTANTE DA EMPRESA.	<input type="checkbox"/> PÓLIZA DE SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL E ÚLTIMO XUSTIFICANTE DE PAGAMENTO.
<input type="checkbox"/> PÓLIZA DE SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL E ÚLTIMO XUSTIFICANTE DE PAGAMENTO.	<input type="checkbox"/> XUSTIFICANTE DE ESTAR INCLUÍDO NO CENSO DE OBRIGADOS TRIBUTARIOS OU SE É O CASO, NO IMPOSTO DE ACTIVIDADES ECÓNOMICAS (IAE) NO EPÍGRAFE CORRESPONDENTE.
<input type="checkbox"/> XUSTIFICANTE DE ESTAR INCLUÍDO NO CENSO DE OBRIGADOS TRIBUTARIOS OU SE É O CASO, NO DO IMPOSTO DE ACTIVIDADES ECÓNOMICAS (IAE) NO EPÍGRAFE CORRESPONDENTE.	<input type="checkbox"/> ÚLTIMO TC2 DA SEGURIDADE SOCIAL OU XUSTIFICANTE DE COTIZACIÓN Ó RÉXIME ESPECIAL DE AUTÓNOMOS SE É O CASO.
<input type="checkbox"/> XUSTIFICANTE DE ALTA DA EMPRESA NA SEGURIDADE SOCIAL OU NO RÉXIME ESPECIAL DE AUTÓNOMOS SE É O CASO.	<input type="checkbox"/> CARNÉS PROFESIONAIS DAS PERSOAS QUE DECLARAN DOTADAS DE CERTIFICADO DE CUALIFICACIÓN INDIVIDUAL.
<input type="checkbox"/> CARNÉS PROFESIONAIS DAS PERSOAS QUE DECLARA DOTADAS DE CERTIFICADO DE CUALIFICACIÓN INDIVIDUAL.	<input type="checkbox"/> XUSTIFICANTE DE PAGAMENTO DE TAXAS.
<input type="checkbox"/> XUSTIFICANTE DE PAGAMENTO DE TAXAS.	
PARA EMPRESAS PROCEDENTES DOUTRAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS	
<input type="checkbox"/> DOCUMENTO DE CUALIFICACIÓN EMPRESARIAL NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE ORIXE.	
<input type="checkbox"/> CERTIFICADO DE QUE A EMPRESA OU AS PERSOAS QUE DECLARA DOTADAS DE C.C.I. NON SE ENCONTRAN SANCIONADAS.	
<input type="checkbox"/> XUSTIFICANTE DE PAGAMENTO DE TAXAS.	
TODA A DOCUMENTACIÓN SE XUNTARÁ EN ORIXINAL E FOTOCOPIA OU FOTOCOPIA COMPULSADA	

<p>LEXISLACIÓN APLICABLE</p> <p><i>Real decreto 842/2002, do 2 de agosto, polo que se aproba o Regulamento electrotécnico de baixa tensión e as súas instrucións técnicas complementarias.</i></p> <p><i>Orde do 27 de decembro de 2000, pola que se establece o procedemento unificado para a obtención de carnés profesionais e esixencias a empresas autorizadas para instalación, mantemento e outras actividades en materia de seguridade industrial.</i></p> <p><i>Orde do 25 de marzo de 2002 pola que se modifica a Orde do 27 de decembro de 2000, pola que se establece o procedemento unificado para a obtención de carnés profesionais e esixencias a empresas autorizadas para instalación, mantemento e outras actividades en materia de seguridade industrial.</i></p> <p><i>Orde do 13 de xaneiro de 2004 pola que se modifica a Orde do 27 de decembro de 2000, pola que se establece o procedemento unificado para a obtención de carnés profesionais e esixencias a empresas autorizadas para instalación, mantemento e outras actividades en materia de seguridade industrial.</i></p>
SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOXA QUE O REPRESENTA
. de de 200

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA
		/ /
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS
		/ /
		DATA DE SAÍDA
		/ /

Delegado/a provincial da Consellería de Innovación, Industria e Comercio

ANEXO II



XUNTA DE GALICIA
**CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN,
 INDUSTRIA E COMERCIO**

PROCEDEMENTO AUTORIZACIÓN/RENOVACIÓN DE EMPRESA INSTALADORA AUTORIZADA DE GUINDASTRES TORRE	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO IN609J	DOCUMENTO CUALIFICACIÓN EMPRESARIAL
---	---	---

A empresa da que os datos figuran a continuación

SOLICITA o outorgamento ou renovación do documento de cualificación empresarial como empresa instaladora autorizada de guindastres torre.

EMPRESA		Nº DE IDENTIFICACIÓN FISCAL	
CON DOMICILIO EN			
CONCELLO		TELÉFONO	
REPRESENTADA POR		DNI	
ACTIVIDADES QUE AMPARA		EPÍGRAFE/S DA LICENCIA FISCAL	
Nº PATRONAL DA SEGURIDADE SOCIAL	Nº NO REGISTRO DE EMPRESAS AUTORIZADAS	Nº NO REGISTRO INDUSTRIAL	CLASIFICACIÓN DA EMPRESA PARA EFECTOS DA CUALIFICACIÓN

AUTORIZACIÓN DE ALTA DE EMPRESA

- TARXETA DE IDENTIFICACIÓN FISCAL DA EMPRESA.
 DNI DO TITULAR OU REPRESENTANTE DA EMPRESA.
 XUSTIFICANTE DE PAGAMENTO DE TAXAS.
 XUSTIFICANTE DE TER CUBERTA A RESPONSABILIDADE CIVIL CONFORME O ESTABLECIDO NO ARTIGO 6 DA ITC MIE-AEM-2.

PARA EMPRESAS PROCEDENTES DOUTRAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS

- DOCUMENTO DE CUALIFICACIÓN EMPRESARIAL NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE ORIXE.
 CERTIFICADO DE QUE NIN A EMPRESA NIN OS OPERARIOS CUALIFICADOS QUE DECLARA SE ENCONTRAN SANCIONADOS.
 XUSTIFICANTE DE PAGAMENTO DE TAXAS.

TODA A DOCUMENTACIÓN SEE XUNTARÁ EN ORIXINAL E FOTOCOPIA OU FOTOCOPIA COMPULSADA

<p>LEXISLACIÓN APLICABLE</p> <p><i>Real decreto 229/1985, do 8 de novembro polo que se aproba o Regulamento de aparatos de elevación e manutención destes.</i></p> <p><i>Real decreto 836/2003 do 27 de xuño, polo que se aproba unha nova instrución técnica complementaria "MIE-AEM-2" do Regulamento de aparatos de elevación e manutención, referente a guindastres torre para obras ou outras aplicacións.</i></p> <p><i>Orde do 27 de decembro de 2000, pola que se establece o procedemento unificado para a obtención de carnés profesionais e esixencias a empresas autorizadas para instalación, mantemento e outras actividades en materia de seguridade industrial.</i></p> <p><i>Orde do 25 de marzo de 2002 pola que se modifica a Orde do 27 de decembro de 2000, pola que se establece o procedemento unificado para a obtención de carnés profesionais e esixencias a empresas autorizadas para instalación, mantemento e outras actividades en materia de seguridade industrial.</i></p> <p><i>Orde do 13 de xaneiro de 2004 pola que se modifica a Orde do 27 de decembro de 2000, pola que se establece o procedemento unificado para a obtención de carnés profesionais e esixencias a empresas autorizadas para instalación, mantemento e outras actividades en materia de seguridade industrial.</i></p> <p>SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA</p> <p style="text-align: center;">, de de 200</p>
--

(Para cubrir pola Administración)	
RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE
	DATA DE ENTRADA
	/ /
REVISADO E CONFORME	DATA DE EFECTOS
	/ /
	DATA DE SAÍDA
	/ /

Delegado/a provincial da Consellería de Innovación, Industria e Comercio

ANEXO II



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN,
INDUSTRIA E COMERCIO

oTu

PROCEDIMIENTO AUTORIZACIÓN/RENOVACIÓN DE EMPRESA INSTALADORA AUTORIZADA DE GUINDASTRES TORRE	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO IN609J	DOCUMENTO CUALIFICACIÓN EMPRESARIAL
---	---	--

A empresa da que os datos figuran a continuación
SOLICITA o outorgamento ou renovación do documento de cualificación empresarial como empresa instaladora autorizada de guindastres torre.

EMPRESA			Nº DE IDENTIFICACIÓN FISCAL	
CON DOMICILIO EN				
CONCELLO			TELÉFONO	
REPRESENTADA POR			DNI	
ACTIVIDADES QUE AMPARA			EPÍGRAFE/S DA LICENCIA FISCAL	
Nº PATROAL DA SEGURIDADE SOCIAL	Nº NO REXISTRO DE EMPRESAS AUTORIZADAS	Nº NO REXISTRO INDUSTRIAL	CLASIFICACIÓN DA EMPRESA PARA EFECTOS DA CUALIFICACIÓN	

AUTORIZACIÓN DE ALTA DE EMPRESA

TARXETA DE IDENTIFICACIÓN FISCAL DA EMPRESA.
 DNI DO TITULAR OU RERPRESENTANTE DA EMPRESA.
 XUSTIFICANTE DE PAGAMENTO DE TAXAS.
 XUSTIFICANTE DE TER CUBERTA A RESPONSABILIDADE CIVIL CONFORME Ó ESTABLECIDO NO ARTIGO 6 DA ITC MIE-AEM-2.

PARA EMPRESAS PROCEDENTES DOUTRAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS

DOCUMENTO DE CUALIFICACIÓN EMPRESARIAL NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE ORIXE.
 CERTIFICADO DE QUE NIN A EMPRESA NIN OS OPERARIOS CUALIFICADOS QUE DECLARA SE ENCONTRAN SANCIONADOS.
 XUSTIFICANTE DE PAGAMENTO DE TAXAS.

TODA A DOCUMENTACIÓN SE XUNTARÁ EN ORIXINAL E FOTOCOPIA OU FOTOCOPIA COMPULSADA

LEXISLACIÓN APLICABLE

Real decreto 229/1985, do 8 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de aparatos de elevación e manutención destes.

Real decreto 836/2003 do 27 de xuño, polo que se aproba unha nova instrucción técnica complementaria "MIE-AEM-2" do Regulamento de aparatos de elevación e manutención, referente a guindastres torre para obras ou outras aplicacións.

Orde do 27 de decembro de 2000, pola que se establece o procedemento unificado para a obtención de carnés profesionais e esixencias a empresas autorizadas para instalación, mantemento e outras actividades en materia de seguridade industrial.

Orde do 25 de marzo de 2002 pola que se modifica a Orde do 27 de decembro de 2000, pola que se establece o procedemento unificado para a obtención de carnés profesionais e esixencias a empresas autorizadas para instalación, mantemento e outras actividades en materia de seguridade industrial.

Orde do 13 de xaneiro de 2004 pola que se modifica a Orde do 27 de decembro de 2000, pola que se establece o procedemento unificado para a obtención de carnés profesionais e esixencias a empresas autorizadas para instalación, mantemento e outras actividades en materia de seguridade industrial.

SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA

, de de 200

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE
REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA
	/ /
	DATA DE EFECTOS
	/ /
	DATA DE SAÍDA
	/ /

Delegado/a provincial da Consellería de Innovación, Industria e Comercio

ANEXO III



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN,
INDUSTRIA E COMERCIO

PROCEDEMENTO AUTORIZACIÓN/RENOVACIÓN DE EMPRESA CONSERVADORA AUTORIZADA DE GUINDASTRES TORRE	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO IN609S	DOCUMENTO CUALIFICACIÓN EMPRESARIAL
--	---	---

A empresa da que os datos figuran a continuación
SOLICITA o outorgamento ou renovación do documento de cualificación empresarial como empresa conservadora autorizada de guindastres torre.

EMPRESA		Nº DE IDENTIFICACIÓN FISCAL	
CON DOMICILIO EN			
CONCELLO		TELÉFONO	
REPRESENTADA POR		DNI	
ACTIVIDADES QUE AMPARA		EPÍGRAFE/S DA LICENCIA FISCAL	
Nº PATRONAL DA SEGURIDADE SOCIAL	Nº NO REGISTRO DE EMPRESAS AUTORIZADAS	Nº NO REGISTRO INDUSTRIAL	CLASIFICACIÓN DA EMPRESA PARA EFECTOS DA CUALIFICACIÓN

AUTORIZACIÓN DE ALTA DE EMPRESA

TARXETA DE IDENTIFICACIÓN FISCAL DA EMPRESA.
 DNI DO TITULAR OU RERPRESENTANTE DA EMPRESA.
 XUSTIFICANTE DE PAGAMENTO DE TAXAS.
 XUSTIFICANTE DE TER CUBERTA A RESPONSABILIDADE CIVIL CONFORME O ESTABLECIDO NO ARTIGO 9 DA ITC MIE-AEM-2.

PARA EMPRESAS PROCEDENTES DOUTRAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS

DOCUMENTO DE CUALIFICACIÓN EMPRESARIAL NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE ORIXE.
 CERTIFICADO DE QUE NIN A EMPRESA NIN OS OPERARIOS CUALIFICADOS QUE DECLARA SE ENCONTRAN SANCIONADOS.
 XUSTIFICANTE DE PAGAMENTO DE TAXAS.

TODA A DOCUMENTACIÓN SE XUNTARÁ EN ORIXINAL E FOTOCOPIA OU FOTOCOPIA COMPULSADA

LEXISLACIÓN APLICABLE

Real decreto 229/1985, do 8 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de aparatos de elevación e manutención destes.

Real decreto 836/2003 do 27 de xuño, polo que se aproba unha nova instrucción técnica complementaria "MIE-AEM-2" do Regulamento de aparatos de elevación e manutención, referente a guindastres torre para obras ou outras aplicacións.

Orde do 27 de decembro de 2000, pola que se establece o procedemento unificado para a obtención de carnés profesionais e esixencias a empresas autorizadas para instalación, mantemento e outras actividades en materia de seguridade industrial.

Orde do 25 de marzo de 2002 pola que se modifica a Orde do 27 de decembro de 2000, pola que se establece o procedemento unificado para a obtención de carnés profesionais e esixencias a empresas autorizadas para instalación, mantemento e outras actividades en materia de seguridade industrial.

Orde do 13 de xaneiro de 2004 pola que se modifica a Orde do 27 de decembro de 2000, pola que se establece o procedemento unificado para a obtención de carnés profesionais e esixencias a empresas autorizadas para instalación, mantemento e outras actividades en materia de seguridade industrial.

SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA

, de de 200

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO REVISADO E CONFORME	NÚMERO DE EXPEDIENTE
	DATA DE ENTRADA
	DATA DE EFECTOS
	DATA DE SAÍDA

Delegado/a provincial da Consellería de Innovación, Industria e Comercio

ANEXO III



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN,
INDUSTRIA E COMERCIO

oTu

PROCEDEMENTO AUTORIZACIÓN/RENOVACIÓN DE EMPRESA CONSERVADORA AUTORIZADA DE GUINDASTRES TORRE	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO IN609S	DOCUMENTO CUALIFICACIÓN EMPRESARIAL
--	---	---

A empresa da que os datos figuran a continuación

SOLICITA o outorgamento ou renovación do documento de cualificación empresarial como empresa conservadora autorizada de guindastres torre.

EMPRESA		Nº DE IDENTIFICACIÓN FISCAL	
CON DOMICILIO EN			
CONCELLO		TELÉFONO	
REPRESENTADA POR		DNI	
ACTIVIDADES QUE AMPARA		EPÍGRAFE/S DA LICENCIA FISCAL	
Nº PATRONAL DA SEGURIDADE SOCIAL	Nº NO REXISTRO DE EMPRESAS AUTORIZADAS	Nº NO REXISTRO INDUSTRIAL	CLASIFICACIÓN DA EMPRESA PARA EFECTOS DA CUALIFICACIÓN

AUTORIZACIÓN DE ALTA DE EMPRESA

- TARXETA DE IDENTIFICACIÓN FISCAL DA EMPRESA.
 DNI DO TITULAR OU REPRESENTANTE DA EMPRESA.
 XUSTIFICANTE DE PAGAMENTO DE TAXAS.
 XUSTIFICANTE DE TER CUBERTA A RESPONSABILIDADE CIVIL CONFORME O ESTABLECIDO NO ARTIGO 9 DA ITC MIE-AEM-2.

PARA EMPRESAS PROCEDENTES DOUTRAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS

- DOCUMENTO DE CUALIFICACIÓN EMPRESARIAL NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE ORIXE.
 CERTIFICADO DE QUE NIN A EMPRESA NIN OS OPERARIOS CUALIFICADOS QUE DECLARA SE ENCONTRAN SANCIONADOS.
 XUSTIFICANTE DE PAGAMENTO DE TAXAS.

TODA A DOCUMENTACIÓN SE XUNTARÁ EN ORIXINAL E FOTOCOPIA OU FOTOCOPIA COMPULSADA

LEXISLACIÓN APLICABLE

Real decreto 229/1985, do 8 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de aparatos de elevación e manutención destes.

Real decreto 836/2003 do 27 de xuño, polo que se aproba unha nova instrucción técnica complementaria "MIE-AEM-2" do Regulamento de aparatos de elevación e manutención, referente a guindastres torre para obras ou outras aplicacións.

Orde do 27 de decembro de 2000, pola que se establece o procedemento unificado para a obtención de carnés profesionais e esixencias a empresas autorizadas para instalación, mantemento e outras actividades en materia de seguridade industrial.

Orde do 25 de marzo de 2002 pola que se modifica a Orde do 27 de decembro de 2000, pola que se establece o procedemento unificado para a obtención de carnés profesionais e esixencias a empresas autorizadas para instalación, mantemento e outras actividades en materia de seguridade industrial.

Orde do 13 de xaneiro de 2004 pola que se modifica a Orde do 27 de decembro de 2000, pola que se establece o procedemento unificado para a obtención de carnés profesionais e esixencias a empresas autorizadas para instalación, mantemento e outras actividades en materia de seguridade industrial.

SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA

, de de 200

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO

REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

/ /

DATA DE EFECTOS

/ /

DATA DE SAÍDA

/ /

Delegado/a provincial da Consellería de Innovación, Industria e Comercio

ANEXO IV



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN,
INDUSTRIA E COMERCIO

PROCEDEMENTO AUTORIZACIÓN/RENOVACIÓN DE EMPRESA CONSERVADORA AUTORIZADA DE GUINDASTRES MÓBILES AUTOPROPULSADOS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO IN609H	DOCUMENTO CUALIFICACIÓN EMPRESARIAL
--	---	---

A empresa da que os datos figuran a continuación

SOLICITA o outorgamento ou renovación do documento de cualificación empresarial como empresa conservadora autorizada de guindastres móbiles autopropulsados.

EMPRESA		Nº DE IDENTIFICACIÓN FISCAL	
CON DOMICILIO EN			
CONCELLO		TELÉFONO	
REPRESENTADA POR			DNI
ACTIVIDADES QUE AMPARA			EPIGRAFE/S DA LICENCIA FISCAL
Nº PATROAL DA SEGURIDADE SOCIAL	Nº NO REGISTRO DE EMPRESAS AUTORIZADAS	Nº NO REGISTRO INDUSTRIAL	CLASIFICACIÓN DA EMPRESA PARA EFECTOS DA CUALIFICACIÓN

CATEGORÍA DA EMPRESA CONSERVADORA

- CATEGORÍA A (CONSERVACIÓN DE GUINDASTRES ATA 130 t).
 CATEGORÍA B (CONSERVACIÓN DE GUINDASTRES DE MÁIS DE 130 t)

AUTORIZACIÓN DE ALTA DE EMPRESA

- TARXETA DE IDENTIFICACIÓN FISCAL DA EMPRESA.
 DNI DO TITULAR OU REPRESENTANTE DA EMPRESA.
 XUSTIFICANTE DE PAGAMENTO DE TAXAS.
 CARNÉS PROFESIONAIS DAS PERSOAS QUE DECLARA QUE O POSÚEN.
 XUSTIFICANTE DE TER CUBERTA A RESPONSABILIDADE CIVIL CONFORME O ESTABLECIDO NO ARTIGO 5 DA ITC MIE-AEM-4.

PARA EMPRESAS PROCEDENTES DOUTRAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS

- DOCUMENTO DE CUALIFICACIÓN EMPRESARIAL NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE ORIXE.
 CERTIFICADO DE QUE NIN A EMPRESA NIN OS OPERARIOS CUALIFICADOS QUE DECLARA SE ENCONTRAN SANCIONADOS.
 XUSTIFICANTE DE PAGAMENTO DE TAXAS. **TODA A DOCUMENTACIÓN SE XUNTARÁ EN ORIXINAL E FOTOCOPIA OU FOTOCOPIA COMPULSADA**

LEXISLACIÓN APLICABLE

Real decreto 229/1985, do 8 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de aparatos de elevación e manutención destes.

Real decreto 837/2003 do 27 de xuño, polo que se aproba o texto modificado e refundido da instrución técnica complementaria "MIE-AEM-4" do Regulamento de aparatos de elevación e manutención, referente a guindastres móbiles autopropulsados.

Orde do 27 de decembro de 2000, pola que se establece o procedemento unificado para a obtención de carnés profesionais e esixencias a empresas autorizadas para instalación, mantemento e outras actividades en materia de seguridade industrial.

Orde do 25 de marzo de 2002 pola que se modifica a Orde do 27 de decembro de 2000, pola que se establece o procedemento unificado para a obtención de carnés profesionais e esixencias a empresas autorizadas para instalación, mantemento e outras actividades en materia de seguridade industrial.

Orde do 13 de xaneiro de 2004 pola que se modifica a Orde do 27 de decembro de 2000, pola que se establece o procedemento unificado para a obtención de carnés profesionais e esixencias a empresas autorizadas para instalación, mantemento e outras actividades en materia de seguridade industrial.

SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA

, de de 200

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO

REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

DATA DE EFECTOS

DATA DE SAÍDA

Delegado/a provincial da Consellería de Innovación, Industria e Comercio

ANEXO IV



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN,
INDUSTRIA E COMERCIO

oTu

PROCEDEMENTO AUTORIZACIÓN/RENOVACIÓN DE EMPRESA CONSERVADORA AUTORIZADA DE GUINDASTRES MÓBILES AUTOPROPULSADOS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO IN609H	DOCUMENTO CUALIFICACIÓN EMPRESARIAL
---	---	--

A empresa da que os datos figuran a continuación
SOLICITA o outorgamento ou renovación do documento de cualificación empresarial como empresa conservadora autorizada de guindastres móbiles autopropulsados.

EMPRESA		Nº DE IDENTIFICACIÓN FISCAL	
CON DOMICILIO EN			
CONCELLO		TELÉFONO	
REPRESENTADA POR		DNI	
ACTIVIDADES QUE AMPARA		EPÍGRAFE/S DA LICENCIA FISCAL	
Nº PATRONAL DA SEGURIDADE SOCIAL	Nº NO REGISTRO DE EMPRESAS AUTORIZADAS	Nº NO REGISTRO INDUSTRIAL	CLASIFICACIÓN DA EMPRESA PARA EFECTOS DA CUALIFICACIÓN

CATEGORÍA DA EMPRESA CONSERVADORA

- CATEGORÍA A (CONSERVACIÓN DE GUINDASTRES HASTA 130 t).
- CATEGORÍA B (CONSERVACIÓN DE GUINDASTRES DE MÁIS DE 130 t)

AUTORIZACIÓN DE ALTA DE EMPRESA

- TARXETA DE IDENTIFICACIÓN FISCAL DA EMPRESA.
- DNI DO TITULAR OU REPRESENTANTE DA EMPRESA.
- XUSTIFICANTE DE PAGAMENTO DE TAXAS.
- CARNÉS PROFESIONAIS DAS PERSOAS QUE DECLARA QUE O POSÚEN.
- XUSTIFICANTE DE TER CUBERTA A RESPONSABILIDADE CIVIL CONFORME O ESTABLECIDO NO ARTIGO 5 DA ITC MIE-AEM-4.

PARA EMPRESAS PROCEDENTES DOUTRAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS

- DOCUMENTO DE CUALIFICACIÓN EMPRESARIAL NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE ORIXE.
- CERTIFICADO DE QUE NIN A EMPRESA NIN OS OPERARIOS CUALIFICADOS QUE DECLARA SE ENCONTRAN SANCIONADOS.
- XUSTIFICANTE DE PAGAMENTO DE TAXAS. **TODA A DOCUMENTACIÓN SE XUNTARÁ EN ORIXINAL E FOTOCOPIA OU FOTOCOPIA COMPULSADA**

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Real decreto 229/1985, do 8 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de aparatos de elevación e manutención destes.</i> <i>Real decreto 837/2003 do 27 de xuño, polo que se aproba o texto modificado e refundido da instrución técnica complementaria "MIE-AEM-4" do Regulamento de aparatos de elevación e manutención, referente a guindastres móbiles autopropulsados.</i> <i>Orde do 27 de decembro de 2000, pola que se establece o procedemento unificado para a obtención de carnés profesionais e esixencias a empresas autorizadas para instalación, mantemento e outras actividades en materia de seguridade industrial.</i> <i>Orde do 25 de marzo de 2002 pola que se modifica a Orde do 27 de decembro de 2000, pola que se establece o procedemento unificado para a obtención de carnés profesionais e esixencias a empresas autorizadas para instalación, mantemento e outras actividades en materia de seguridade industrial.</i> <i>Orde do 13 de xaneiro de 2004 pola que se modifica a Orde do 27 de decembro de 2000, pola que se establece o procedemento unificado para a obtención de carnés profesionais e esixencias a empresas autorizadas para instalación, mantemento e outras actividades en materia de seguridade industrial.</i>
SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA _____ de _____ de 2004

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA
		/ /
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS
		/ /
		DATA DE SAÍDA
		/ /

Delegado/a provincial da Consellería de Innovación, Industria e Comercio

ANEXO V



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN,
INDUSTRIA E COMERCIO

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
AUTORIZACIÓN DE ENTIDADE DE FORMACIÓN EN BAIXA TENSIÓN	IN648D	SOLICITUDE

DATOS DO SOLICITANTE

EMPRESA		CIF	
DOMICILIO		LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX

E, na súa representación:

NOME		CIF	
ENDEREZO		LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX

OBXECTO DA SOLICITUDE

DENOMINACIÓN DO PROXECTO	AUTORIZACIÓN A ENTIDADES PARA IMPARTIR CURSOS DE FORMACIÓN EN BAIXA TENSIÓN
CATEGORÍA PROFESIONAL	TODAS

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

MEMORIA DESCRIPTIVA NA QUE CONSTE ÁMBITO XEOGRÁFICO DE ACTUACIÓN.
 TIPO DE CURSOS QUE SE VAN DESENVOLVER.
 CURRÍCULUM VITAE E COPIA COMPULSADA DAS TITULACIÓNS E DOS CARNÉS PROFESIONAIS DOS DOCENTES DOS CURSOS.
 MEDIOS MATERIAIS COS QUE CONTA PARA O DESENVOLVEMENTO DOS CURSOS.
 METODOLOXÍA DE ENSINO E AVALIACIÓN.
 EXPERIENCIA ANTERIOR NA IMPARTICIÓN DE CURSOS.
 TÁBOA DE TARIFAS APLICADAS.
 XUSTIFICANTE DE PAGAMENTO DE TAXAS ADMINISTRATIVAS (CLAVE: 32.07.07).

LEXISLACIÓN APLICABLE

Real decreto 842/2002, do 2 de agosto, polo que se aproba o Regulamento electrotécnico de baixa tensión e as súas instrucións técnicas complementarias.
Orde do 27 de decembro de 2000, pola que se establece o procedemento unificado para a obtención de carnés profesionais e esixencias a empresas autorizadas para instalación, mantemento e outras actividades en materia de seguridade industrial.
Orde do 25 de marzo de 2002, pola que se modifica a Orde do 27 de decembro de 2000, pola que se establece o procedemento unificado para a obtención dos carnés profesionais e esixencias a empresas autorizadas para instalación, mantemento e outras actividades en materia de seguridade industrial.
Orde do 13 de xaneiro de 2004, pola que se modifica a Orde do 27 de decembro de 2000, pola que se establece o procedemento unificado para a obtención de carnés profesionais e esixencias a empresas autorizadas para instalación, mantemento e outras actividades en materia de seguridade industrial.

SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA

_____, de _____ de 200

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE
REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA
	DATA DE EFECTOS
	DATA DE SAÍDA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN,
INDUSTRIA E COMERCIO

ANEXO VI

PROCEDEMENTO AUTORIZACIÓN DE ENTIDADE DE FORMACIÓN DE OPERADOR GUINDASTRE TORRE	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO IN648E	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

EMPRESA		CIF	
DOMICILIO		LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX

E, na súa representación:

NOME		CIF	
DOMICILIO		LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX

OBJECTO DA SOLICITUDE

DENOMINACIÓN DO PROXECTO RECOÑECEMENTO COMO ENTIDADE ACREDITADA PARA IMPARTIR CURSOS DE FORMACIÓN DE OPERADOR GUINDASTRE TORRE
CATEGORÍA PROFESIONAL

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

<input type="checkbox"/> MEMORIA DESCRIPTIVA NA QUE CONSTE ÁMBITO XEOGRÁFICO DE ACTUACIÓN.
<input type="checkbox"/> TIPO DE CURSOS QUE SE VAN DESENVOLVER.
<input type="checkbox"/> CURRÍCULUM VITAE E COPIA COMPULSADA DAS TITULACIÓNS DOS DOCENTES DOS CURSOS.
<input type="checkbox"/> MEDIOS MATERIAIS COS QUE CONTA PARA O DESENVOLVEMENTO DOS CURSOS (RD 836/2003).
<input type="checkbox"/> METODOLOXÍA DE ENSINO E AVALIACIÓN.
<input type="checkbox"/> EXPERIENCIA ANTERIOR NA IMPARTICIÓN DE CURSOS.
<input type="checkbox"/> TÁBOA DE TARIFAS APLICADAS.
<input type="checkbox"/> XUSTIFICANTE DE PAGAMENTO DE TAXAS ADMINISTRATIVAS (CLAVE: 32.07.07).

<p>LEXISLACIÓN APLICABLE</p> <p><i>Real decreto 836/2003, do 27 de xuño, polo que se aproba unha nova Instrucción técnica complementaria "MIE-AEM-2" do Regulamento de aparatos de elevación e manutención, referente a guindastres torre para obras ou outras aplicacións.</i></p> <p><i>Orde do 27 de decembro de 2000, pola que se establece o procedemento unificado para a obtención de carnés profesionais e esixencias a empresas autorizadas para instalación, mantemento e outras actividades en materia de seguridade industrial.</i></p> <p><i>Orde do 25 de marzo de 2002 pola que se modifica a Orde do 27 de decembro de 2000, pola que se establece o procedemento unificado para a obtención de carnés profesionais e esixencias a empresas autorizadas para instalación, mantemento e outras actividades en materia de seguridade industrial.</i></p> <p><i>Orde do 13 de xaneiro de 2004 pola que se modifica a Orde do 27 de decembro de 2000, pola que se establece o procedemento unificado para a obtención de carnés profesionais e esixencias a empresas autorizadas para instalación, mantemento e outras actividades en materia de seguridade industrial.</i></p>
SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA
, de de 200

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA / /
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS / /
		DATA DE SAÍDA / /



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN,
INDUSTRIA E COMERCIO

ANEXO VII

PROCEDEMENTO AUTORIZACIÓN DE ENTIDADE DE FORMACIÓN DE OPERADOR GUINDASTRE MÓBIL	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO IN648F	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

EMPRESA		CIF	
DOMICILIO		LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX

E, na súa representación:

NOME		CIF	
DOMICILIO		LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX

OBXECTO DA SOLICITUDE

DENOMINACIÓN DO PROXECTO RECOÑECEMENTO COMO ENTIDADE ACREDITADA PARA IMPARTIR CURSOS DE FORMACIÓN DE OPERADOR GUINDASTRE MÓBIL
CATEGORÍA PROFESIONAL

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

<input type="checkbox"/> MEMORIA DESCRIPTIVA NA QUE CONSTE ÁMBITO XEOGRÁFICO DE ACTUACIÓN. <input type="checkbox"/> TIPO DE CURSOS QUE SE VAN DESENVOLVER. <input type="checkbox"/> CURRÍCULUM VITAE E COPIA COMPULSADA DAS TITULACIÓNS DOS DOCENTES DOS CURSOS. <input type="checkbox"/> MEDIOS MATERIAIS COS QUE CONTA PARA O DESENVOLVEMENTO DOS CURSOS (RD 837/2003). <input type="checkbox"/> METODOLOXÍA DE ENSINO E AVALIACIÓN. <input type="checkbox"/> EXPERIENCIA ANTERIOR NA IMPARTICIÓN DE CURSOS. <input type="checkbox"/> TÁBOA DE TARIFAS APLICADAS. <input type="checkbox"/> XUSTIFICANTE DE PAGAMENTO DE TAXAS ADMINISTRATIVAS (CLAVE: 32.07.07).

<p>LEXISLACIÓN APLICABLE</p> <p><i>Real decreto 837/2003, do 27 de xuño, polo que se aproba o novo texto modificado e refundido da Instrución técnica complementaria "MIE-AEM-4" do Regulamento de aparatos de elevación e manutención, referente a guindastres móbiles autopropulsados.</i></p> <p><i>Orde do 27 de decembro de 2000, pola que se establece o procedemento unificado para a obtención de carnés profesionais e esixencias a empresas autorizadas para instalación, mantemento e outras actividades en materia de seguridade industrial.</i></p> <p><i>Orde do 25 de marzo de 2002 pola que se modifica a Orde do 27 de decembro de 2000 pola que se establece o procedemento unificado para a obtención dos carnés profesionais e esixencias a empresas autorizadas para instalación, mantemento e outras actividades en materia de seguridade industrial.</i></p> <p><i>Orde do 13 de xaneiro de 2004 pola que se modifica a Orde do 27 de decembro de 2000, pola que se establece o procedemento unificado para a obtención de carnés profesionais e esixencias a empresas autorizadas para instalación, mantemento e outras actividades en materia de seguridade industrial.</i></p>
<p>SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA</p> <p style="text-align: right;">, de de 200</p>

(Para cubrir pola Administración)	
RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE
REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA / /
	DATA DE EFECTOS / /
	DATA DE SAÍDA / /